

Postergar a linguaxe

Arturo Casas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASAS, ARTURO (2011 [2009]). “Postergar a linguaxe”. *Grial*: 181, 108-109. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/14>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASAS, ARTURO (2009). “Postergar a linguaxe”. *Grial*: 181, 108-109.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POSTERGAR A LINGUAXE

[RECENSIÓN DO LIBRO DE CARLOS LEMA *O XEITO DE FREUD*, 2008]

Arturo Casas

Os lectores atopan un texto que ben podería ser adscrito á excepción. Alguén que desenvolveu toda a súa traxectoria profesional no mundo editorial comparece como poeta aos 50 anos e faino cunha toma de posición diferenciada respecto ao que hoxe é común en poesía. En declaracións públicas, Carlos Lema (1958) ten comentado que a poesía representa no seu criterio un movemento dirixido ao que ficou postergado, ao perdido nalgún lugar do tempo, que é tamén en simultaneidade un páramo ou reduto non inventariado pola linguaxe. Consecuente, o poema de apertura deste libro declara que *a poesía é o que perdemos*. Isto equipararíase nalgún modo a unha evasión do logos e mesmo do coñecemento consciente. A invitación semella, pois, a de prevermos unha hermenéutica dos restos, do esquezo, do rastro. Aí entra doadamente a idea freudiana do “recordo encubridor” e toda a dialéctica posterior entre *resistirse* ao inconsciente fabulador e *transferir* a comunicado/texto o acontecido. Noutro sentido, entra tamén a oposición de Adorno entre *vida* e *aparencia* de vida, co trasunto da disolución do suxeito e da nova formulación do público e o privado, fulcral en *Minima moralia*.

Vémonos por tanto nun territorio inexistente antes das exploracións de Coleridge. Supón unha arribada ao tempo pasado e á constitución do eu-suxeito cun criterio non narrativo ou non lóxico para a exploración do lugar onde flúe o conversacional alegórico, no ángulo de unión do considerado trivial (as súas variacións) e o sistema racional da linguaxe (as invariantes). Quizais tamén para a chegada ao plano dunha subxectividade non individualizada, non persoal se entendemos esta palabra como limitación a unha voz e a unha circunstancia ditas propias. Neste sentido, o libro de Lema nacería no meu criterio dun pulo antropolóxico e epistémico antes que confesional, con declarada e diáfana denuncia da totalización –Adorno: “O todo é o non verdadeiro”– ou, xa antes, da posibilidade de representarmos a vida (e cada vida) como totalidade ou como relato. Deleuze e o pensamento impersoal son, claro, o [109] transfondo dese mover a poesía ao escenario da diferenza. E é posíbel que aquí, só aquí, deba anotarse unha converxencia fugaz coa poética de Manuel Outeiriño, perceptíbel no poema “Tanza”.

Lema constrúe un texto que propoñéndose dar conta –mesmo emocionalmente– da experiencia, promove unha transferencia da voz poética, e do que esta administre como acción, para situar o vivencial nunhas coordenadas equiparábeis ao que Freud denominou *a novela familiar* (relato de explicación da subxectividade en termos de socialización na familia e no contorno inmediato a ela), só que mediante un xiro de discurso tan relevante, e logrado, que os poemas son de inicio unha impugnación de todo designio redutivo do que

a identidade e a vida interpersoal (a cultura) sexan. Esa decisión funciona no plano dos temas-motivos e tamén na marca da enunciación, materializada esta na disposición das partes do libro.

Son así dúas as clases de discursos incorporados. Unha asóciase á meditación, non sabería dicir se ao lamento, e abre e pecha o volume. Bascula ao que o propio escritor entende como unha estética (topo)gráfica, debedora do que puido supoñer o proxecto imaxinista poundiano mercé á aposta pola indagación ideogramática: esa síntese plástica previa ou allea ao verbal, eses baleiros e cruces no aire que abren as partes I e III, matéricos e intanxíbeis á vez, como tamén o son as laranxas e outras froitas secas –ás veces reladas, desfeitas–, que cruzan poemas e deitan recendo de resto. Rupturas, quebros, acrobacia, secuencias de tempo traducido a espazo son o material da memoria.

O outro plano semella ter carácter exhortativo, mesmo moral, de mínima moralidade. Sitúase no centro do libro, no apartado que dá título á obra, cunha pauta máis ben (crono)gráfica que envorca sobre o presente da escrita, sobre a consciencia non catártica que escribe, paradoxal e bathesiana se se quixer (“Curarnos da idea de nos curar”), aquelaada ao fragmentario.

Nesta alegorización a infancia aparece postulada como asunto-vehículo (é o enunciado, é o expreso) en busca dos feitos máis importantes, que diría Montale (“La nostra mente sbarca / i fatti più importanti che ci occorsero / e imbarca i più risibili”, *Quaderno di quattro anni*). A infancia propia e a dos outros, a do pai por exemplo. Segundo indiquei antes, cun vaivén resistencia-transferencia que aspiraría a ler esa etapa da vida como testemuño de cargo contra a determinación comprensiva, contra a fixación conceptual e contra o peche discursivo asociados á doutrina/ciencia e á madurez.

Doutra parte, ese movemento epistémico e moral da proposta de Carlos Lema tería por asunto-teor, ou soporte real da alegorización, todo feito, todo texto. Quero subliñar con isto algo que xulgo relevante: *O xeito de Freud* é en boa medida un ensaio sobre a lectura e sobre o que a hermenéutica de Paul Ricoeur estuda como paso da *configuración á refiguración*: os modos nos que facemos propia (existencial) a experiencia lida nos textos para a partir dese movemento sermos xa quen de reflexionar sobre ela como se fose parte real da vida por nós vivida.